



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A  
FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, PARA A ORGANIZACIÓN DOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA  
EN IDADE ESCOLAR POR SELECCIÓN AUTONÓMICAS CORRESPONDENTES A ANO 2017**

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2017

**R E U N I D O S**

Marta Míguez Telle, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

José Manuel Estévez Feijoo, presidente da Federación Galega de Ximnasia, no seu nome e representación e no exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos seus estatutos federativos.

**E X P O Ñ E N**

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidad Autónoma de Galicia asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do governo galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto 88/2013, do 30 de maio.
- II. A Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- III. Segundo o establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación por cada modalidade deportiva (art. 51.5), exercendo cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración (art. 51.4).
- IV. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribir este convenio de colaboración coa Federación Galega de Ximnasia para a organización dos Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas correspondentes a ano 2017, convocados pola Orde da Presidencia do Consello Superior de Deportes do 7 de outubro de 2016 (BOE num. 260, do 27 de outubro).
- V. Para tal efecto, as partes subscreiben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

**C L Á U S U L A S**

**Primeira.- Obxecto do convenio.**

O obxecto do presente convenio é establecer para o ano 2017, as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Ximnasia co fin de organizar os Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas correspondentes a ano 2017, convocados pola Orde da Presidencia do Consello Superior de Deportes do 7 de outubro de 2016.

Con este convenio a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo do desenvolvemento no ano 2017 dos campionatos de España referidos.





## Segunda.- Natureza e réxime xurídico

Este convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Ao convenio seralle de aplicación a normativa administrativa de carácter xeral constituída basicamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Ademais seralle de aplicación a súa normativa específica, constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno ,e do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de rexistro na Base de Datos Nacional de Subvencións.

## Terceira.- Financiamento e importe da axuda.

3.1. Co fin de cumplir o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle á Federación Galega de Ximnasia unha axuda por importe de 6.729,76€ na Resolución provisional de 27 de xuño de 2017, pendente da Resolución definitiva na que se diten as contías das subvencións convocadas pola Resolución do 27 de marzo, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se convocan as subvencións para o desenvolvemento dos Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas para o ano 2017, cun importe de 6.729,76€ imputable á aplicación orzamentaria e anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0  
Anualidade 2017

3.2. O importe anterior destinárase á organización e ao desenvolvemento dos Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas para o ano 2017, convocados pola Resolución da Presidencia do Consello Superior de Deportes do 7 de outubro de 2016.

## Cuarta.- Concorrencia con outras axudas.

A subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a federación para a realización das actuacións obxecto deste convenio, sempre que a suma de todas as subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola federación con motivo das ditas actuacións.

## Quinta.- Obrigas da federación.

5.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas neste convenio, son obrigas da federación o cumprimento dos seus termos así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e nos artigos correspondentes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5.2. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da seguinte documentación:

a) Anexo I, documento de solicitude para a firma do convenio, onde se atopa recollido, entre outros aspectos, os seguintes:

- Declaración doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou de organismos internacionais.

- Declaración de non atoparse incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.



- Declaración de non atoparse incursa en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e demais normativas concordantes.
- Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración de estar cumprindo coa resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.
- Declaración de que todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento da actividade obxecto do convenio que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría xeral para o Deporte e a Secretaría xeral de Igualdade.
- Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a súa consulta deberán aportar os seguintes documentos:

- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.
- Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

b) Factura por organización, xestión e control do Campionato de España en idade escolar por seleccións autonómicas.

c) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

5.3. Con carácter posterior á firma do convenio, a federación estará suxeita ás seguintes obrigas de carácter xeral e específico:

#### 5.3.1. Obrigas de carácter xeral

- a) Executar o obxecto do convenio.
- b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Secretaría Xeral para o Deporte, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, para a prevención da corrupción, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e co Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, a federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, se fose o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ao efecto das actuacións de comprobación e control.
- d) Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o Art. 55 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia.





e) Asegurar a presenza da Secretaría xeral para o Deporte en termos publicitarios:

- Incluir a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a publicidade que realice a federación, sexa por cartelería, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluída a internet, para a difusión da súa actividad, facendo fincapé na colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Nos Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas correspondentes a ano 2017, convocados pola Orde da Presidencia do Consello Superior de Deportes do 7 de outubro de 2016, os deportistas integrantes das seleccións autonómicas deberán utilizar o equipamento (de xogo e/ou paseo) atendendo ao manual corporativo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- f) Subministrarlle á Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, logo do correspondente requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

#### 5.3.2. Obrigas de carácter específico

- a) Comunicarlle á Secretaría Xeral para o Deporte os datos referentes aos resultados dos campionatos obxecto da subscrición deste convenio.
- b) Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumplir o establecido na Lei 19/2007 do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.
- c) Posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade e relixión.
- d) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- e) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- f) Velar polo cumprimento por parte das entidades deportivas afiliadas á federación, das obrigas establecidas con motivo da legislación relativa á protección xurídica do menor e ao sistema de protección da infancia e adolescencia.
- g) Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos.
- h) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

#### Sexta.- Pagamento.


O pagamento da presente subvención realizarase mediante unha única achega. Calquera modificación da contía asignada deberá ser convenientemente xustificada.

#### Sétima.- Xustificación da subvención.

##### 7.1. Prazo de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, a federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación do pagamento da subvención prevista neste convenio antes do 31 de decembro de 2017.

Despois de que transcorra este prazo sen presentar a xustificación correspondente nesta Secretaría Xeral para o Deporte, requirírselle ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días presente a referida documentación. A falta de presentación de xustificación neste prazo levará a perda do dereito ao cobro total ou





parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### 7.2. Documentación que se debe entregar.

a) Anexo II, relación de documentos e declaracions para a xustificación, onde se indican, entre outros, os seguintes:

- Facturas dos gastos de organización, xestión e control do Campionato de España en Idade Escolar por Seleccións Autonómicas.

- Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

#### Oitava.- Vixencia do convenio e causas de resolución.

A vixencia do convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, salvo denuncia expresa de calquera das partes.

Son causas de resolución do convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacions descritas nel por causas non imputables ás partes.
- 3.- O acordo entre as partes.

#### Novena.- Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial por parte do beneficiario das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño. As sancions en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da citada lei.

#### Décima.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dárselle publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

O convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e a súa sinatura leva implícito o consentimento expreso das as partes para as obrigas de publicidade impostas pola dita norma.

En proba de conformidade asínase por triplicado no lugar e data arriba indicados.

A secretaría xeral para o Deporte



Marta Míguez Telle

O presidente da Federación Galega de Ximnasia



José Manuel Estévez Feijoo



## ANEXO I

| PROCEDIMENTO  | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO | DOCUMENTO  |
|---|------------------------|------------|
| CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, PARA A ORGANIZACIÓN DOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA EN IDADE ESCOLAR POR SELECCIÓNES AUTONÓMICAS CORRESPONDENTES A ANO 2017 | PR004A                 | SOLICITUDE |

### DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL

NIF

|               |             |                    |            |      |      |       |
|---------------|-------------|--------------------|------------|------|------|-------|
| TIPO          | NOME DA VÍA |                    | NUM        | BLOQ | PISO | PORTA |
| PARROQUIA     |             |                    | LUGAR      |      |      |       |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA   | CONCELLO           | LOCALIDADE |      |      |       |
| TELÉFONO      | FAX         | CORREO ELECTRÓNICO |            |      |      |       |

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

|      |                  |                 |     |
|------|------------------|-----------------|-----|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|------|------------------|-----------------|-----|

EN CALIDADE DE

### DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:

- Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.

Só poderán acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaránse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico ou teléfono móvil facilitados a continuación:

|                |                    |
|----------------|--------------------|
| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
|----------------|--------------------|

### DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

|                  |                                       |
|------------------|---------------------------------------|
| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |
|                  | IBAN                                  |





**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.  
 SI solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos, que son as que a continuación se relacionan:

**ORGANISMO**

**IMPORTE**

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se axuntan son certos.  
 3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.  
 4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 5. Estar ao día no pago das obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 6. Estar cumprindo coa resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo governo das federacións deportivas de Galicia.  
 7. Estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.  
 8. Todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento do programa de fomento e promoción da modalidade deportiva no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistrio Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).  
 9. A adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría xeral para o Deporte e a Secretaría xeral de Igualdade.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e aportar ditos documentos.

- DNI ou NIE da persoa representante
- NIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social
- Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidad Autónoma

**DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO**

o  
o  
o  
o  
o  
o

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia para o obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [programas.deportes@xunta.gal](mailto:programas.deportes@xunta.gal).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

, de de

Secretaría Xeral para o Deporte





ANEXO II

RELACIÓN DE DOCUMENTOS E DECLARACIÓNS PARA A XUSTIFICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

|      |                  |                 |     |
|------|------------------|-----------------|-----|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|------|------------------|-----------------|-----|

EN CALIDADE DE

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que a subvención total concedida con cargo ao Convenio asinado foi de \_\_\_\_\_ €
2. Que todos os datos contidos neste e nos demás documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Facturas dos gastos de organización, xestión e control dos Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas correspondentes a ano 2017.
- Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral para o Deporte